

14 MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO

do 25 ao 31 de marzo 2019

MUSEO DO POVO GALEGO



Museo do Povo Galego



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO

AGADIC



XUNTA
DE GALICIA

PROGRAMA

LUNS, 25 DE MARZO

20.30 | Apertura da MICE | Teatro Principal

– Benvinda de Ana Estévez, directora da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico + **Sesión inaugural da 14ª MICE arredor do cinema doméstico [coa presenza de Manoel da Costa, a cineasta Xisela Franco e Pablo Gómez de *La Cinematográfica*]**

22.30 | *Afro-american Work Songs in a Texas Prison* + *Y tenemos sabor* + *The End of an Old Song* | Primeira sesión de TRAZAS | Teatro Principal

MARTES, 26 DE MARZO

16.30 – 19.30 Seminario Co(M)XÉNERO *Muller nas Estremas* na Facultade de Ciencias da Comunicación | Coas docentes Elena Oroz e Ana Catarina Pereira

19.30 | *Marías da Sé* de Filipe Martins | Sección Oficial. Estrea en España | Museo do Pobo Galego | **Coa presenza do director**

20.30 | *Performing the border* de Ursula Bienman | Sección IMPROPIAS | Estrea en Galicia | Teatro Principal | **Coa presentación de Elena Oroz**

22.00 | *Putá mina* do colectivo Puta Mina (en colaboración co Laboratorio de Antropología Audiovisual Experimental do MUSAC) | Sección Oficial. Estrea en Galicia | Teatro Principal | **Coa presentación de Mercedes Ordás**

MÉRCORES, 27 DE MARZO

19.30 | *Nimble fingers* de Parsifal Reparato | Sección Oficial. Estrea en Galicia | Museo do Pobo Galego

20.00 | *Surname Viet given name Nam* de Trinh T. Min-Ha | Sección IMPROPIAS | Estrea en Galicia | NUMAX | **Coa presentación de Margarita Ledo**

20.30 | *Isabel, la criolla* de Marcel Czombos | Sección Oficial. Estrea en España | Teatro Principal

22.30 | *The Wigan Casino* + *Heavy Metal Parking Lot* + *rexistro[7] telephones rouges nun cuarto* + *I sing the Desert Electric* + *petites planètes_volume 5_ Peret* | Sección TRAZAS | Teatro Principal

XOVES, 28 DE MARZO

19.30 | *Mot de passe: Fajara* + *Neetu* | Sección Oficial. Estrea en Galicia | Museo das Peregrinacións

20.00 | *Alentejo, Alentejo* de Sérgio Tréfaut | Sección TRAZAS. Estrea en Galicia | NUMAX

20.30 | *Entre lobos* de Camus Adrien | Sección Oficial. Estrea en España | Museo das Peregrinacións

22.00 | *Tecido resistente* de Marina Chiavegatto | Filme galego a concurso na Sección Oficial | Museo das Peregrinacións | **Coa presenza da directora**

VENRES, 29 DE MARZO

16.00h – 20.00h | Obradoiro *Tránsito á captura* con Adriana Vila Guevara e Miguel Alonso Cambrón | Museo do Pobo Galego

18.00 | *Los que desean* de Elena Riera | Sección Oficial | Museo das Peregrinacións

19.00 | *Europlex* + *Tout le monde aime le bord de la mer* + *Hyohakusha (camiñante sen rumbo)* | Sección IMPROPIAS | Museo das Peregrinacións | **Coa presenza de Keina Espiñeira e Xisela Franco**

20.30 | *Hora silenciosa* + *Entroido en Face de Hóspedes* + *Stockroom* | Filmes galegos a

concurso na Sección Oficial | Teatro Principal **Coa presenza de Sol Mussa**
22.00 | *Familienleben* de Rosa Hannah Ziegler | Sección Oficial. Estrea en España | Teatro Principal

SÁBADO, 30 DE MARZO

10.00h – 14.00h | Obradoiro *Tránsito á captura* con Adriana Vila Guevara e Miguel Alonso Cambrón | Museo do Pobo Galego

11.00h – 13.00h | Obradoiro familiar *Facemos cinema sen cámara* | Asociación Espacio Rojo | Museo do Pobo Galego

12.30 | **PROXECTA CONSTRÚE**. A cuestión de xénero nos festivais de cinema | **Cantina do CGAC**

18.00 | *Curupira, bicho do mato* de Felix Blume | Sección Oficial. Estrea en Galicia | Museo das Peregrinacións

19.00 | *Là est la maison + Boca de fogo* | Sección Oficial | Museo das Peregrinacións

20.30 | **Entrega de premios da 14ª MICE. Gala conducida por Iria Piñeiro** | Museo do Pobo Galego

DOMINGO, 31 DE MARZO

11.00h – 13.00h | Obradoiro familiar *Facemos cinema sen cámara* | Asociación Espacio Rojo | Museo do Pobo Galego

12.30 | **CONVERSA - VERMÚ: De Lomax a Youtube. Prácticas musicais comunitarias e arquivos dixitais abertos** | Centro Socio Cultural Aurelio Aguirre de Conxo

20.30 | *O club dos sen teito* de Claudia Brenlla | Galicia no Festival Espiello | Teatro Principal

22.00 | **Proxección filmes gañadores da 14ª MICE do Museo do Pobo Galego**



* A entrada é de balde para todas as proxeccións, recolléndoa con antelación nas billeteiras do Teatro Principal e de NUMAX. As sesións no Museo do Pobo Galego e do Museo das Peregrinacións son de acceso libre ata cubrir aforo.

* As películas da Sección Oficial á concurso teñen **subtítulos para facilitar a comprensión e a accesibilidade dos filmes**.

14ª EDICIÓN DA MOSTRA INTERNACIONAL DE CINEMA ETNOGRÁFICO DO MUSEO DO POBO GALEGO

A 14ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE) do Museo do Pobo Galego continúa a traballar confiando na capacidade do cinema para recoller os costumes, rituais e actividades da cultura popular. Xa o demostrara así o traballo e o legado de Xaquín Lorenzo "Xocas", fundador e primeiro presidente do Padroado e creador de *O carro e o home*, peza fundacional da cinematografía galega xunto a Antonio Román. Esta nova edición da MICE, que terá lugar do 25 ao 31 de marzo de 2019, conta co apoio do Concello de Santiago de Compostela, da Deputación da Coruña, da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

A programación desta 14ª MICE (que poderá verse no Museo do Pobo Galego, o Teatro Principal, o Museo das Peregrinacións e o Cinema NUMAX) acolle algunhas das últimas tendencias do cine etnográfico dos últimos dous anos que se enmarcan dentro da Sección Oficial á concurso. Por outra banda, establécense tres liñas temáticas que vertebran e atravesan o programa: **as gravacións domésticas, a temática das fronteiras físicas e simbólicas e a relación entre o son e a música coa etnografía**. Nesta edición o Cineclub de Compostela volve repetir a colaboración con nós na súa sección Trazas coordinada, nesta ocasión, polo investigador e músico Cibrán Tenreiro. Margarita Ledo Andión e Marta Pérez Pereiro comisarán a sección Impropias (Etnografía, muller e cinema). Como actividades paralelas realízanse dentro da MICE dous cursos para adultos (un deles en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela); un obradoiro de cinema para familias e unha mesa redonda sobre arquivos sonoros e audiovisuais.

A entrada ás proxeccións é gratuíta previa recollida de entrada nas billeteiras dos diferentes espazos nos que se programen as películas. As sesións no Museo do Pobo Galego e do Museo das Peregrinacións son de acceso libre ata cubrir aforo. A continuación destacamos as claves da programación:

SECCIÓN OFICIAL Á CONCURSO

- A Sección Oficial recolle unha selección de dezaseis filmes, que suman dez nacionalidades diferentes (Brasil, México, Arxentina, Italia, Suíza, Francia, Alemaña, etc), e que representan os últimos traballos no campo da etnografía e da antropoloxía visual dos últimos dous anos. Gran parte destes filmes terán na MICE a súa estrea en España ou en Galicia.
- Algunhas destas películas chegan á MICE co aval de ter pasado por festivais do prestixio da Berlinale (caso de *Familienleben*, de Rosa Hannah Ziegler), Visions du Réel (caso de *Boca de Fogo* de Luciano Pérez Fernández) ou *Los que desean*, de Elena López Riera, gañadora do Concurso Nacional de Curtametraxes no Festival de Locarno.
- Dentro da sección competitiva recóllense temáticas variadas tratadas con técnicas diferentes, como o traballo con material de arquivo en *Isabel, la criolla* (Marcel Czombos) ou o deseño creativo do son en *Curupira, bicho do mato* (Felix Blume), eixos que atravesan o total da programación nesta edición. Cabe salientar que o 50% das películas que concursan nesta sección están dirixidas por mulleres, algo que se pode extrapolar ao total da programación da 14ª MICE do Museo do Pobo Galego.

- A sección oficial á concurso da MICE recolle dentro do programa unha pequena mostra das últimas pezas de creación galega: *Entroido en Face de Hóspedes*, de David Castro; *Hora silenciosa* de Noelia M^a Muíño; *Tecido resistente* de Marina Chiavegatto e *Stockroom* de Sol Mussa.
- O xurado estará formado por **Beli Martínez** (docente e produtora); **Pepe Calvo** (antropólogo e director do Museo Etnográfico de Castela e León); **Joan Roura** (antropólogo e membro de AGANTRO), **Ana Catarina Pereira** (investigadora e docente na Universidade da Beira Interior) e **José María Folgar de la Calle** (que foi profesor de historia do cine na Universidade de Santiago de Compostela).
- O xurado outorgará entre os filmes a concurso o Premio á Mellor Película Etnográfica dotado con 900 euros e trofeo; e tamén escollerá a Mellor Película Galega entre os filmes galegos que participan nesta sección dotado con 700 euros e trofeo. Os espectadores outorgarán mediante as súas votacións o Premio do Público recoñecido con diploma e trofeo. Este ano ademais a Asociación Galega de Antropoloxía Social e Cultural outorgará o premio AGANTRO á profundidade antropolóxica dotado de diploma e trofeo.

IMPROPIAS

Etnografía, muller e cinema

- Un ano máis a MICE aposta por esta sección que pasa agora a chamarse **Impropias**, e que se consolida como parte importante da nosa programación dándolle un espazo propio ás cineastas.
- O título de **Impropias** está inspirado na cineasta e teórica vietnamita **Trinh T. Minh-Ha** que se define como unha “outra impropia”, que está entre considerarse no pensamento unha autora asiática en América ou unha americana en Asia. Neste binomio debe prevalecer o “modo de mirar”, de transitar a multiculturalidade sen caer na homoxeneización nin no inmovilismo. É, en definitiva, o que pretende esta sección, mostrar os diferentes xeitos de mirar.
- Nesta edición da MICE Impropias está coordinado por **Margarita Ledo Andiñón** e **Marta Pérez Pereiro**, docentes e investigadoras do Grupo de Estudos Audiovisuais da Universidade de Santiago de Compostela.
- As películas programadas dentro desta sección están fiadas por unha temática común de actualidade: **as fronteiras físicas e simbólicas vistas dende unha perspectiva de xénero**, pois as mulleres seguen sendo un colectivo en risco de exclusión dobremente marxinado cando se fala de migracións e exilio. Por outro lado, as seis cineastas programadas dentro de Impropias traballan, dun xeito non casual, en espazos limiares da industria audiovisual. As pezas que se proxectarán proceden, sobre todo, do ámbito da videocreación e teñen estilos nos que se entrecruzan o experimental, o ensaístico e o observacional.
- A sección estará dividida en tres sesións: a primeira estreará en Galicia a película *Performing the border* (1999), de Ursula Biemann, un ensaio sobre o espazo

fronteirizo entre Estados Unidos e México. A segunda sesión traballa coas fronteiras culturais e nela proxectarase o filme *Surname Viet given name Nam* (1989), de Trinh T. Minh-Ha. Por último, a sección Impropias completase cunha sesión que escenifica os límites físicos, políticos e económicos entre Europa, África e Asia con pezas de Ursula Biemann e Angela Sanders, da cineasta galega Keina Espiñeira e inclúe tamén *Hyohakusha (camiñante sen rumbo)* de Xisela Franco e Anxela Caramés, unha peza máis experimental creada con metraxa atopado.

TRAZAS

- O Cineclube de Compostela continúa a súa colaboración coa MICE seleccionando filmes que, nesta ocasión, tratan **a relación da música e o son coa etnografía**.
- As películas que compoñen Trazas ofrecen un enfoque etnográfico que non só se atopa no rexistro de tradicións en vías de desaparición, senón que tamén está nos xeitos nos que a música popular se integra na nosa vida cotiá e na nosa identidade.
- A primeira sesión está formada por tres pezas da década dos 60 (**Toshi Seeger**, **John Cohen** e **Sara Gómez**) que recollen diferentes formas de folclore musical ao mesmo tempo que apuntan á ameaza dunha modernidade que acabará suprimindo ou modificando eses rexistros. O segundo bloque ocupase das transformacións que trouxo a modernidade, a industria e os cambios tecnolóxicos á maneira de relacionarnos coa música: atopamos comunidades que se constrúen arredor do baile en *The Wigan Casino* de **Tony Palmer**, o rexistro do fenómeno *fan* en *Heavy Metal Parking Lot* de **Jeff Krulik** e **John Heyn**, o rexistro de catro escenas musicais no Sahel africano na peza de **Christopher Kirkley** ou gravacións cun carácter máis íntimo no retrato que fai **Vincent Moon** de Peret ou no rexistro dos *Telephones Rouges* tocando nun cuarto de **Rubén Domínguez**.
- A última sesión estreará en Galicia *Alentejo Alentejo* de **Sérgio Trefaut**, película que retrata a situación do cante coral alentexano ao falar das tensións entre a tradición e o mundo actual e de como se relaciona a música propia dun pobo cos cambios no seu modo de vida.

PROGRAMACIÓN PARALELA

- Dentro do bloque *Ollares intencionados* organizamos nesta edición o obradoiro ***Tránsito á captura. Percorridos metodolóxicos e sensoriais entre etnografía e cine*** impartido pola directora Adriana Vila Guevara e o etnógrafo musical Miguel Alonso Cambrón. Ademais, o Grupo de Estudos Audiovisuais da USC en colaboración coa Mostra ofrece o Seminario Permanente de Comunicación e Xénero baixo o título ***“Muller nas extremas”***.
- Para enriquecer a temática da música en relación ao método etnográfico contaremos coa conversa ***De Lomax a Youtube. Prácticas musicais comunitarias e arquivos dixitais abertos*** para falar sobre os arquivos sonoros e dixitais e a súa preservación, accesibilidade e uso. No coloquio participarán persoas responsables do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI), da Asociación A música portuguesa a gostar dela própria, da editora galega Prenom e

do Departamento de Documentación da CRTVG.

- O público familiar terá a oportunidade de participar no obradoiro **Facemos cinema sen cámara**, impartido por Alberto Vázquez e Carina Moreira (do Proxecto Educativo Espacio Rojo). Nesta actividade práctica as nenas e nenos terán a oportunidade de crear as súas propias películas manipulando o celuloide, e véndoas *a posteriori* en pantalla grande.

Ademais...

- A 14ª MICE do Museo do Pobo Galego convida dende a 9ª edición a diferentes realizadoras e realizadores do ámbito galego a facer pequenas pezas de promoción da mostra. Sempre co propósito de que as realizadoras falen da relación entre cinema e etnografía conectando con algún punto da programación e ofrecendo a súa visión con total liberdade.
- Este ano a encargada de facer estas creacións foi a docente e cineasta **Xisela Franco** que traballou o son co **etnomusicólogo e compositor Carlos Suárez** (do desaparecido colectivo escoitar.org). As dúas pezas están montadas a partir de materiais do **arquivo familiar do enxeñeiro vigués Manoel Dacosta**, que representa outro dos fíos condutores desta 14ª MICE: o cinema doméstico. As pezas de Xisela Franco poden verse na [canle de Vimeo do Museo do Pobo Galego](#), onde tamén están dispoñibles as de anteriores edicións (realizadas por Sabela Pernas Soto, Illa Bufarda, Mónica Sónica, Raquel Rei ou Cinta Adhesiva).
- A imaxe e o deseño gráfico desta edición son de **María Esteirán** e **Edita R. Oca**. A adaptación da imaxe da 14ª MICE ao total dos materiais gráficos é de Sacauntos Cooperativa Gráfica.



SESIÓN INAUGURAL

20.30 | Apertura da MICE | Teatro Principal

- **Benvida de Ana Estévez**, directora da Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego.
- A **primeira sesión da 14ª MICE** está artellada arredor do **cinema doméstico**, fonte para a investigación histórica de crecente interese xeral e tamén para o Museo do Pobo Galego, como entidade que se dedica ao estudo da cultura popular desde a perspectiva da antropoloxía social e cultural.

O cinema doméstico adoita ser un retrato fílmico do cotiá ou unha crónica social feita desde olladas alleas aos grandes relatos. Na inauguración da mostra proxectaranse extractos do **arquivo fílmico do enxeñeiro vigués Manoel da Costa Pardo**, dono das gravacións domésticas de super-8 sobre as cales a directora **Xisela Franco** realizou as pezas promocionais desta edición da MICE. Ámbolos dous estarán presentes no Teatro Principal para falarnos da súa colaboración. Tamén nos acompañará **Pablo Gómez**, membro e [La Cinematográfica](#), organización que dixitalizou o fondo documental de Manoel da Costa, e que traballa na recuperación da memoria histórica familiar vinculada ao patrimonio audiovisual galego dos anos 60 aos 80.

Na sesión tamén se poderán visualizar películas domésticas gravadas na cidade de Santiago de Compostela [arquivo da familia Vilariño Pintos e da familia Cabezas Gelabert].

Máis información sobre o arquivo fílmico de Manoel da Costa recuperado por La Cinematográfica:

https://elpais.com/cultura/2019/03/04/actualidad/1551727734_310705.html

SECCIÓN OFICIAL Á CONCURSO

Boca de Fogo

9 minutos / 2017 / Brasil

Dirección: Luciano Pérez Fernández

Producción: Erika Azevedo e Luciano Pérez Fernández

Edición: Rodrigo Daniel

Fotografía: Anderson Capuano

Son: Nicolau Domingues

Argumento: Cidade de Salgueiro, no corazón de Pernambuco, Brasil. A calor castiga aos seguidores do equipo nas gradas. Boca de Fogo, na radio. Comeza a retransmisión, non existe ningún comentarista deportivo coma el.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.** Esta peza pasou por festivais como o MiradasDoc (Festival Internacional de Cine Documental de Tenerife) ou o festival Visions du Réel (Suíza).

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/207033450>

Curupira, bicho do mato

35 minutos / 2018 / Francia – Brasil – México

Dirección e guión: Felix Blume

Son: Felix Blume

Montaxe: Felix Blume

Producción: Felix Blume

Argumento: No corazón da Amazonia, os habitantes de Tauary convídanos a escoitar os sons da selva, os seus paxaros e os seus animais. Sen embargo, aparecen algúns sons estraños: unha criatura anda entre as árbores. Uns escoitárona, moi poucos a viron, os que a atoparon nunca regresaron. *Curupira* é unha reflexión sobre os mitos e os lugares no mundo contemporáneo, un *thriller* sonoro no medio da xungla.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.** Felix Blume é artista sonoro e traballa nas súas pezas co son como materia prima e coas comunidades no seu espazo de orixe. Os seus traballos teñen pasado polo CCCB de Barcelona, a Fonoteca Nacional de México, o CTM de Berlín, polo Centro Pompidou ou o Museo d'Orsay de París. *Curupira* vén de pasar polo Festival Punto de Vista (Navarra) ou o FIDOCs de Chile.

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/282576324>

Web: <http://www.felixblume.com/curupira/>

Entroido en Face de Hóspedes

14 minutos / 2018 / Galicia

Director: David Castro

Producción: Armut Producións

Música: N.B.A Charanga, Quim Barreiro, Banda Fuego

Argumento: A estraña e vertixinosa hospitalidade do Entroido na Raia (Portugal/Galicia) amósase nun rexistro que vén a misturar os distintos tempos da festa: os preparativos dun xantar común, o reparto nocturno de atados de palla (fachucos), o “non veñen-xa viñeron” dunha charanga, unha fonte de augas termiais... A imaxe acolle un breve poema: En Face de Fran Cortegoso.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.**

Para ver o filme en Vimeo: <https://vimeo.com/247686142>

Entre lobos

50 minutos / 2018 / Chile - Francia

Dirección e guiión: Camus Adrien

Dirección de fotografía: Camus Adrien

Montaxe: Camus Adrien

Produción: la troisième porte à gauche

Argumento: Os Mapuches son un pobo que viviu abafado cultural, social e economicamente durante décadas polo goberno de Chile. Hoxe, supoñen para a sociedade un obstáculo cara a modernidade. Na intimidade da vida cotiá dáselles a palabra.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.**

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/77176233>

Máis información sobre o filme: <http://www.troisiemeporteagauche.com/1055-2/>

Familienleben

97 minutos / 2018 / Alemaña

Dirección e guiión: Rosa Hannah Ziegler

Dirección de fotografía: Matteo Cocco

Montaxe: Rosa Hannah Ziegler, Gerhard Ziegler

Son: Siegfried Fischer, Thomas Mayr, Claas-Benjamin Berger, Christian Grundey

Montaxe de son: Clemens Endress

Música: August A. Braatz

Argumento: Biggi e Alfred eran un matrimonio pero a vida non é doada se non tes un emprego remunerado, polo que aínda viven xuntos nunha granxa derruída en Saxonia. As súas fillas, Denise (17 anos) e Saskis (14 anos), intentan abrirse camiño na vida, pero vense obstaculizadas pola montaña rusa emocional que é entrar na puberdade e unha educación marcada polo acoso escolar e outros episodios que viven no fogar. Os pais intentan darlles estabilidade pero están loitando contra os seus propios demos.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.** A directora crea unha relación sensible cos protagonistas, deixándolle espazo para que expresen vulnerabilidade. A forma observacional de gravar fai a Ziegler continuísta da tradición da Cooperativa de Cine de Wenland en 1975 que empregou o cine para examinar os desequilibrios sociais. *Familienleben* pasou pola Sección Panorama da Berlinale.

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/309883097>

Máis sobre o filme: <http://www.familienleben-der-film.de/>

Hora silenciosa

14 minutos / 2018 / Galicia

Dirección: Noelia M^a Muíño González

Fotografía: Noelia M^a Muíño González

Montaxe: Noelia M^a Muíño González

Son: Noelia M^a Muíño González

Argumento: As monxas beneditinas do Convento de San Paio de Antealtares, situado á beira da Catedral e da turística praza da Quitana en Santiago, realizan a súa rutina diaria en total silencio.

Detalle: Esta peza pasou pola sección oficial de curtametraxes do OUFF (2018) e polo ciclo do Museo Etnolóxico de Ribadavia. Tamén se proxectou no Diversity Art Festival da New York University (2019).

Isabel La Criolla

51 minutos / 2018 / Arxentina

Dirección e guión: Marcel Czombos

Fotografía: Marcel Czombos

Asistente de dirección: José Luis Czombos Muñoz

Son: Carlos Kbal

Produción: Lara Decuzzi

Argumento: A musicóloga arxentina Isabel Aretz, viaxa en 1941 por Arxentina e Chile, coa necesidade de rescatar a música prehispanica e elaborar o primeiro mapa sonoro de América. *Isabel, la criolla* é un documental que acredita a América como un continente musicalmente autónomo, retratando a dous discípulos de Isabel, o etnomusicólogo arxentino Mario Silva e o investigador chileno Claudio Mercado. Xuntos volven sobre os rastros de súa mestra e detéñense en dous lugares clave: o Kamaruco Mapuche en Nahuelpan (Arxentina) e o rito dos chinos en Palmas de Alvarado (Chile).

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.** Este filme mostra un arquivo sonoro que está fóra das canles da música occidental. Foi gañador da VI Edición do Programa Rexional de Produción e Difusión de Documentais DOCTV Latinoamérica.

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/279502664>

Web: <https://www.koldra.com.ar/untitled-c70l>

Là est la maison

13 minutos / 2017 / Francia

Director: Lo Thivolle e Victor De Las Heras

Fotografía: Lo Thivolle e Victor De Las Heras

Montaxe: Victor De Las Heras

Son: Lo Thivolle e Victor De Las Heras

Música: Lo Thivolle e Victor De Las Heras

Argumento: *Desde fóra non se ve ren / dentro escóitase todo / Ao lonxe os camiños estréitanse, mentres de cerca ábrense as posibilidades.* Este microcosmos enmarcado en branco e negro obríganos a observar coidadosamente e a reflexionar sobre os espazos urbanos. A casa é un canto á rebeldía e á supervivencia sobre o taboleiro da cidade.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.** Foi premiada como mellor curtametraxe no Laceno d'oro (Italia) e pasou polo Images contre natura (Marsella) ou o Internationale Kurzfilmtage Oberhausen (Alemaña).

Web do filme: <http://www.l-abominable.org/la-est-la-maison/>

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/207007847>

Los que desean

24 minutos / 2018 / Suíza

Dirección e guión: Elena López Riera

Dirección de fotografía: Giuseppe Truppi, Elena López Riera, Philippe Azoury

Montaxe: Raphaël Lefèvre

Son: Elena López Riera, Matero Menéndez, Marcelo López Riera

Produtora: Alina Film

Argumento: No sur de España, celébrase unha competición peculiar de pombos pintados de cores, que se soltan xunto a unha soa pomba. O gañador é aquel que consegue pasar máis tempo voando a carón dela. *Los que desean* é un retrato de corte antropolóxico e poético sobre certos ritos ancestrais.

Detalle: Elena López Riera participou nos European Film Awards coa esta curtametraxe, gañou o Concurso Nacional de Curtametraxes no Festival de Cine de Locarno en 2018 e

tamén o Premio da Crítica de Caimán Cuadernos de Cine (entre outros).

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/279916009>

***Marias da Sé* [coa presenza do director]**

71 minutos / 2018 / Portugal

Dirección e guión: Filipe Martins

Dirección de fotografía: Miguel Sevivas Luzio, Raul Sousa

Montaxe: Filipe Martins

Son: Jérémy Pouivet

Montaxe de son: Filipe Martins, Jérémy Pouivet

Argumento: Esta película recolle un día normal na Sé do Porto, onde a comunidade local contrasta co Oporto máis cosmopolita e turístico no que se transformou a cidade nos últimos anos. *Marias da Sé* retrata dunha maneira divertida a vida dun grupo de mulleres desta zona emblemática, ao mesmo tempo que aborda o problema da xentificación.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA**. Este filme naceu da colaboración coa escola Balletatro do Porto. Está a medio camiño entre o documental e a ficción, pois inclúe partes traballadas coa propia comunidade que forma o elenco da película.

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/154797541>

Máis sobre a película: <https://jpn.up.pt/2018/10/17/marias-da-se-estreia-no-porto-um-filme-para-celebrar-a-tradicao-da-invicta/>

Mot de passe: Fajara

17 minutos / 2017 / España

Dirección e guión: Patricia Sánchez Mora e Séverine Sajous

Fotografía: Séverine Sajous

Produción: Patricia Sánchez Mora

Produtora: audiovisual prod

Montaxe: Patricia Sánchez Mora

Son: Chris Blakey

Argumento: Fajara en árabe significa explosión, o que arrasa todo ao seu paso. Paso é a acción de cruzar un límite. Límite é un grado extremo, o limiar do que é aceptable. Fajara é un BERRO.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA**. *Mot de Passe* pasou polo Festival Alcances (Cádiz), o Festival Internacional de Cine de Guadalajara (México), a Mostra Internacional de Films de Dones (Barcelona) ou o Busan International Short Film Festival (Corea do Sur). A súa primeira longametraxe *El Festival de las Mentiras* obtivo o premio Doc in Progress no festival Visions du Réel. Patricia Sánchez traballa no Festival L' Alternativa desde 2006, onde é responsable da Sección Profesional e onde organiza as actividades de educación.

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/238200807>

Neetu

6 minutos / 2017 / España

Dirección: Carlos Caro

Guión: José Bautista

Argumento: *Neetu* é un exemplo de como superarse ante calquera obstáculo da vida.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA**.

Máis sobre o filme: <https://www.youtube.com/watch?v=yLm4J3cNXP4>

Nimble Fingers

52 minutos / 2017 / Italia – Vietnam

Dirección: Parsifal Reparato

Dirección de fotografía: Parsifal Reparato

Cámara: Hoang Cahizee

Montaxe: Armando Duccio

Produtor: Federico Schiavi

Argumento: Bay ten 22 anos e é unha das moitas mulleres que traballan na fábrica dunha das empresas de electrónica máis importantes do mundo. Vive nun suburbio da cidade de Hanoi con outras traballadoras pero procede do rural de Vietnam. A súa vida está suxeita a manter o ritmo da produción no Parque Industrial de Thai Long. A medida que avanza a película vemos como son as condicións, o estrito control e as dificultades no lugar de traballo. O regreso ao seu pobo natal durante a festividade de Tej (a época máis importante do ano en Vietnam) é a oportunidade para reflexionar e tomar decisións. Tamén é o intre no que se fai evidente o desapego, estar a medio camiño entre o campo e a cidade, unha transformación que afecta xa a toda unha xeración.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.**

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/224837705>

***Puta mina* [coa presenza de Mercedes Ordás]**

59 minutos / 2018 / España

Dirección: Colectivo Puta Mina (León). Proxecto desenvolvido por Laura Alonso, Raquel Balbuena, Chus Domínguez, Mari Fernández, Áurea González, Belén Sola, Cristina Turrado, Conchi Unanue e Mercedes Ordás.

Produción: MUSAC. Museo de Arte Contemporáneo de Castela e León.

Son: Rafael Martínez do Pozo

Argumento: No contexto do desmantelamento da Hullera Vasco-Leonesa, no filme mestúranse as últimas imaxes da mina coas conversas mantidas entre mulleres mineiras entre 2016 e 2017. Na película engádense capas de complexidade a unha lectura épica sobre a loita de clases, á vez que se poñen en valor aspectos como o traballo dos coidados ou as compoñentes afectivas, habitualmente relegados do relato convencional sobre a mina.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.** Esta película é un traballo colectivo na que a metraxe foi filmada polos propios mineiros en coordinación co LAAV (Laboratorio de Antropología Audiovisual Experimental) do Museo de Arte Contemporáneo de Castela e León.

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/270639025>

Máis información sobre a película: <https://laav.es/puta-mina/>

***Stockroom* [coa presenza da directora]**

12 minutos / 2019 / Galicia – Reino Unido

Dirección: Sol Mussa Juane

Montaxe: Sol Mussa Juane

Argumento: Londres, cidade na que a creadora de *Stockroom* viviu durante dous meses. O día a día no traballo nun almacén, na parte que ninguén ve. Dende alí recorda a vida na súa cidade natal, Pontevedra. *Stockroom* é un exercicio experimental, libre e persoal.

Detalle: Sol Mussa é alumna de Belas Artes. Esta peza foi creada durante o taller “Un camino posible” impartido por Eloy Enciso no Festival Novos Cinemas de Pontevedra.

***Tecido resistente* [coa presenza da directora]**

40 minutos / 2018 / Galicia

Dirección e guión: Marina Chiavegatto

Fotografía: J. S. Raimundi

Montaxe: Marina Chiavegatto, Millán Castro

Argumento: Dende os anos 60 foron as mulleres as que sustentaron a economía familiar de moitos fogares na comarca de Vilasantar, traballando na fábrica de tecidos de Présaras. Tecían de luns a sábado e cobraban un soldo que lles daba independencia. A súa incorporación ao traballo remunerado e industrial cambiou a forma en como se organizaba a sociedade na que vivían.

Trailer en Vimeo: <https://vimeo.com/289877887>

Máis sobre o filme: <https://www.tecidos resistente.com/>

XURADO



Beli Martínez

Doutora en Comunicación Audiovisual, compaxina a docencia na Universidade de Vigo e na Escola Audiovisual de Vigo, coa produción cinematográfica. Traballou en filmes como *Arraianos* de Eloy Enciso, *Vikingland* de Xurxo Chirro, *Jet Lag* de Eloy Domínguez Serén, ou iniciativas como Proxecto Socheo e Cinema e Muller, un proxecto de visibilización das mulleres realizadoras da provincia de Pontevedra que incluíu a produción da película colaborativa *Visións*.

Joan Roura

Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural pola Universidade de Barcelona. Forma parte do grupo de investigación do Centro de Estudos sobre Culturas Indíxenas e Afroamericanas (CINAF) e é colaborador, entre outros, do Observatorio de Antropoloxía del Conflicto Urbano (OACU). Participou en diferentes proxectos de cooperación internacional en Nicaragua e Bolivia. Actualmente realiza a súa tese doutoral sobre movementos sociais e procesos patrimoniais. É membro da Asociación Galega de Antropoloxía Social e Cultural (AGANTRO).

Ana Catarina Pereira

Doutora en Ciencias da Comunicación, na vertente Cinema e Multimédia, coa tese “A mulher-cineasta: Da arte pela arte a uma estética da diferenciação”. Investigadora do centro [LabCom](#) e licenciada en Ciencias da Comunicación pola Universidade Nova de Lisboa. Pereira foi unha das coordinadoras do libro *Geração Invisível: Os novos cineastas portugueses* (2013). Na actualidade é docente na Licenciatura e Mestrado de Cinema na Universidade da Beira Interior (UBI) de Portugal.

Pepe Calvo

Licenciado en Dereito e en Antropoloxía Social con formación en realización audiovisual. Traballou dentro do Departamento de Antropoloxía Social e Cultural na Universidade de Sevilla, para o centro CEADE adscrito á Universidade de Gales e no Proxecto Tolerace da Unión Europea. Como xestor cultural coordinou o espazo de debate arredor da antropoloxía e a etnografía “Punto de Fuga: diálogos para moverse en la Posmodernidad” para o Museo Etnográfico de Castilla y León (MECyL), institución que dirixe dende 2016.

José María Folgar de la Calle

Doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela e especialista en historia do cine, disciplina da que impartiu aulas na facultade compostelá. O seu campo principal de investigación é a historia do cinema en España e en Galicia, sobre o que escribiu diferentes libros como “Aproximación a la historia de cine en Galicia 1896-1920”.

IMPROPIAS

Etnografía, muller e cinema

Sección coordinada por Margarita Ledo Andión e Marta Pérez Pereiro

Muller nas estremas

A figura da muller como viaxeira, como migrante, como exiliada, así como **a presenza das fronteiras como límites á súa mobilidade física e simbólica** son os temas principais desta Carta Branca. Organizada en tres sesións, a proposta ***Muller nas estremas*** entende a fronteira como unha metáfora que asume a presenza da dobre exclusión da muller adoito racializada e a situación de marxinación á que a someten, tal e como indica Ursula Biemann, non só “as medidas arquitectónicas e estruturais senón tamén as regulación sociais e corporativas sobre o xénero”. A fronteira, tamén entendida como un espazo performativo, no que a muller como suxeito excluído pode adoptar novas identidades e desafiar desde elas aos poderes nacionais e transnacionais, é o lugar no que se sitúan os relatos de seis cineastas que, tamén pola súa condición de mulleres, traballan en espazos liminares da industria audiovisual. No xogo destas exclusións múltiples propónse unha ollada conxunta cara a circulación de mulleres no mundo globalizado e as pegadas que procesos como o exilio e a migración económica deixan nos seus corpos. Os filmes escollidos son asemade propostas de estilos e estratexias singulares e diversas, nas que se entrecruzan o experimental, o ensaístico e o observacional.

A primeira das sesións estreará en Galicia o filme *Performing the border* (1999), de Ursula Biemann, un ensaio sobre o espazo fronteirizo entre Estados Unidos e México, en concreto sobre Ciudad Juárez e o traballo das mulleres nas maquilas. A segunda traballa coas fronteiras culturais e céntrase no filme *Surname Viet given name Nam* (1989), de Trinh Min-ha. Finalmente, a terceira sesión desprázase a outra fronteira que escenifica as relacións Norte-Sur, os límites físicos, políticos e económicos entre Europa, África e Asia. Nesta sección veremos os filmes *Europlex* (2003) de Ursula Biemann; *Tout le monde aime le bord de la mer* (2016) da galega Keina Espiñeira e *Hyohakusha (camiñante sen rumbo)* de Xisela Franco e Anxela Caramés.

Asociada a esta Carta Branca, propónse unha actividade formativa, organizada ao abeiro do **Seminario Permanente de Comunicación e Xénero**, que busca completar a proposta en imaxes por medio da teorización e a análise sobre muller e cinema. A Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) acollerá este seminario, no que as profesoras **Ana Catarina Pereira** e **Elena Oroz** abordarán o tema do cinema feito por mulleres e afondarán no formato do vídeo-ensaio empregando como modelo o traballo de Ursula Biemann, respectivamente.



Margarita Ledo Andi3n

Escritora e cineasta, 3 catadr3tica de comunicaci3n audiovisual da USC onde coordina o Grupo de Estudos Audiovisuais e dirixe o proxecto de I+D+i EU-VOS: *Patrimonio Cultural Inmaterial. Para un programa europeo de subtulado en linguas non-hexem3nicas*. Ademais 3 socia da produtora N3s e da Cooperativa NUMAX, tam3n coordina na editorial Galaxia a serie “Para unha historia do cinema en lingua galega”. Como directora realizou, entre outras, *A cicatriz branca* (2012); *Santa Liberdade* (2004); *Liste, pronunciado L3ster* (2007) ou *Cienfuegos, 1913* (2008). Foi Premio Otero Pedrayo en 2017 e 3 numeraria da Real Academia Galega.

Marta P3rez Pereiro

Profesora de Ciencias da Comunicaci3n da Universidade de Santiago. Doutora pola mesma universidade, a s3a actividade investigadora c3ntrase nos pequenos cinemas, entre eles o galego, e o humor en distintas manifestaci3ns da vida social. 3 ademais membro do Grupo de Estudos Audiovisuais: contidos, formatos e tecnolox3a; do Centro de Estudos F3ilicos (CEFILMUS) e do Centro de Investigaci3n de Procesos e Pr3cticas Culturais Emerxentes (CIPPCE), todos da USC.

PROXECCI3NS

Sesi3n 1. Fronteira M3xico-USA

***Performing the border* [coa presentaci3n de Elena Oroz]**

42 minutos / 1999 / Su3za – M3xico

Direcci3n: Ursula Biemann

Argumento: Este traballo experimental de Biemann sit3anos na cidade fronteiriza de Ciudad Ju3rez, onde as corporaci3ns multinacionais dos Estados Unidos ensamblan equipos electr3nicos e dixitais fronte a El Paso (Texas). A pel3cula investiga a crecente feminizaci3n da econom3a global e o seu impacto nas mulleres mexicanas que viven e traballan na zona. Mirando a fronteira como un espazo discursivo e material, o v3deo explora a sexualizaci3n da rex3n fronteiriza a trav3s da divisi3n laboral, a prostituci3n, a expresi3n dos desexos femininos na industria do entretemento e a violencia sexual na espera p3blica.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA**. M3is que como cineasta, Ursula Biemann destaca como v3deo-artista producindo traballos sobre migraci3n, mobilidade, tecnolox3a e x3nero, cunha obra que se exhibiu internacionalmente en bienais, centros de arte contempor3neo e festivais de cine como o FID Marseille. A peza *Performing the border* forma parte da coleccion do MACBA.

M3is informaci3n sobre o filme: goo.gl/mtD8Z

Sesión 2. Fronteiras culturais

***Surname Viet given name Nam* [coa presentación de Margarita Ledo Andión]**

108 minutos / 1989 / EUA

Dirección: Trinh T. Minh-ha

Guión: Trinh T. Minh-ha

Fotografía: Kathleen Beeler

Produtor asociado: Jean-Paul Bourdier

Argumento: Este documental está centrado na realidade vietnamita vista a través das vidas e da historia de mulleres en Vietnam e Estados Unidos, desenvolvendo preguntas sobre a identidade, a memoria popular e a cultura. Trinh T. Minh-ha emprega a danza, as imaxes de arquivo, o texto e a palabra para realizar diferentes retratos destas mulleres. O filme explora diferentes problemáticas: a dificultade da tradución, a dislocación e o exilio, desenvolve unha crítica á sociedade tradicional e cuestiona a implicación política de entrevistar e documentar.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.** Este filme levou, no seu momento, o Premio Blue Ribbon no American Film Festival.

Máis información sobre a directora e o filme: <http://trinhminh-ha.com/>

Sesión 3. Fronteira África – Europa

Europlex

20 minutos / 2003 / Suíza

Dirección: Ursula Biemann e Angela Sanders

Produción: Ursula Biemann e Angela Sanders

Argumento: *Europlex* mostra os pasos diarios de persoas entre Marrocos e España. Ao pagarlle aos funcionarios para que miren a outro lado, os traballadores fan contrabando a través da fronteira, cruzando ata 11 veces ao día. As mulleres marroquís traballan no norte de África para producir bens destinados ao mercado europeo, e as traballadoras domésticas viaxan ao enclave español perdendo dúas horas ao ingresar en zona horaria europea. A peza deixa ao descuberto a lóxica económica da paisaxe entre Europa e África.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.**

Máis información sobre o filme: <http://www.wmm.com/filmcatalog/pages/c620.shtml>

***Tout le monde aime le bord de la mer* [coa presenza da directora]**

17 minutos / 2016 / España

Dirección: Keina Espiñeira

Guión: Keina Espiñeira e Samuel M. Delgado

Produción: Lourdes Pérez

Produtora: El Viaje Films

Fotografía: Jose Alayón

Montaxe: Samuel M. Delgado

Son: Raúl Espiñeira

Argumento: Preto da costa, na fronteira co Norte de África, un grupo de homes agarda nun bosque o momento de continuar a súa viaxe a Europa a través do mar. Nese espazo e nesa espera atópanse nun limbo entre o tempo e o lugar, a ficción e o documental mestúranse constantemente. No bosque, os contos do pasado colonial fúndense co presente estático.

Detalles: proxectouse en FILMADRID, en MiradasDoc, no Festival Play-Doc e no Festival L'Alternativa de Barcelona.

Trailer: <https://vimeo.com/193188066>

***Hyohakusha (camiñante sen rumbo)* [coa presenza de Xisela Franco]**

28 minutos / 2014 / Galicia

Dirección: Xisela Franco e Anxela Caramés

Argumento: Dúas mulleres cineastas recuperan uns rolos de super8 que mostra a viaxe de dous galegos a Xapón en 1973, con este material realizan unha narración na que inclúen imaxes gravadas por elas en Galicia. Fluíndo e, ao encontro co azar, ao igual que a viaxe que emprendera Bashō para escribir *Oku no Hosomichi*, evocan as vivencias de xaponeses que residen en Galicia a modo de *haikus* audiovisuais no que se mesturan ambas culturas. Este filme recupera unhas películas familiares dunha viaxe e a partir delas traza unha historia que é tamén a do proceso creativo das dúas directoras.

Detalle: Esta peza realizouse como parte dunha instalación para a exposición sobre Xapón e o desastre de Fukushima que se realizou en Normal (Espazo de Arte da Universidade da Coruña) organizada polo Festival S8 e comisariada por Bettina Korten.

Enlace a peza completa en Vimeo: <https://vimeo.com/106873410>

TRAZAS

Sección programada polo Cineclube de Compostela

Todas as proxeccións desta sección estarán presentadas por membros do Cineclube

Cantos de traballo nunha prisión estadounidense. Fans de Judas Priest bebendo nun aparcamento. Instrumentos musicais do folclore cubano. Peret cantando “Borriquito como tú” aos seus netos. Unha “electro street party” en Mauritania. Os Telephones Rouges tocando nun piso na Coruña. Nesta edición da MICE, dende o Cineclube de Compostela dedicamos a **sección Trazas á etnografía musical**, e propoñemos un percorrido por distintas épocas e lugares, no que o enfoque etnográfico non só se atopa no rexistro de tradicións en vías de desaparición, senón tamén nos xeitos nos que a música popular se integra na nosa vida cotiá e na nosa identidade.

Así, a primeira das sesións de Trazas xunta tres filmes dos anos sesenta, que recollen distintas formas de folclore ao tempo que apuntan a ameaza dunha modernidade que acabaría eliminando ou alterando esas músicas. *Afro-american Work Songs in a Texas Prison* é quizais o exemplo máis claro: Toshi Seeger recolle os cantos de traballo dos presos negros nun momento no que o traballo forzado que fixo aparecer esas cancións estaba por desaparecer. En *The End of an Old Song*, John Cohen viaxa ás montañas de Carolina do Norte, onde as baladas británicas pervivían a comezos do século XX. Nos sesenta, segue a haber quen as cante, pero outras músicas toman o papel central na experiencia dese pobo. Ese choque vese en *Y tenemos sabor*, onde Sara Gómez describe o son e a procedencia dos instrumentos cubanos mentres advirte que instrumentistas máis novos camiñan xa en dirección ao jazz.

A segunda sesión recolle os cambios que a modernidade, a industria e os cambios tecnolóxicos trouxeron á maneira na que nos relacionamos coa música. *The Wigan Casino*, de Tony Palmer, filma o Northern Soul no Reino Unido, unha escena na que non hai bandas, senón que a comunidade se organiza arredor do baile e o coleccionismo. O peso da música na construción da identidade contraponse á decadencia das comunidades obreiras. Esa conexión do consumo coa identidade vese tamén en *Heavy Metal Parking Lot*, unha reportaxe delirante (de Jeff Krulik e John Heyn) sobre o público dun concerto de Judas Priest mentres espera a actuación. *Petites Planètes_ volume 5_Peret* é unha peza de Vincent Moon na que o mito da rumba catalana aparece fóra do contexto comercial, cantando na casa, para a familia e coa familia. Ese carácter íntimo tamén está en *Telephones Rouges nun cuarto*, de Rubén Domínguez: nel a banda do Grove dá o seu primeiro concerto nun piso na Coruña. O rexistro reflicte como o pop se volveu asimilable ao folk doutras épocas: persoas que fan música entre iguais, sen o mercado de por medio. A sesión péchaa *I Sing the Desert Electric*, de Christopher Kirkley, que recolle catro prácticas musicais no Sahel africano e desmonta ideas de pureza asociadas á *world music* dende Occidente, mesturando contextos máis rituais cunha “Electro Street Party” e o rock tuareg de Mdou Moctar.

A sección remata con *Alentejo Alentejo*, unha longametraxe de Sérgio Trefaut que explora precisamente a tensión entre a tradición e o mundo actual. Ao explorar o cantar desa área de Portugal dende o presente, xorde a cuestión de como se relaciona a música propia dun pobo cos cambios no seu modo de vida, que é o mesmo que tentamos recoller con este programa.

Sesión 1: o rexistro do folclore e a ameza da desaparición

Afro-american Work Songs in a Texas Prison

29 minutos / 1966 / EUA

Dirección: Toshi Seeger

Producción: Pete e Toshi Seeger con Bruce Jackson

Son: Pete Seeger

Cámara: Daniel Seeger

Montaxe: Daniel Seeger

Argumento: Toshi Seeger visitou co seu marido Pete, o seu fillo Daniel e o folclorista Bruce Jackson o cárcere de Huntsville (Texas) en marzo de 1966 para documentar as cancións de traballo dos presos. Eses cantos axudaban aos prisioneiros a soportar as duras tarefas que eran forzados a facer. Pouco despois da produción desta película e coa chegada da mecanización estas cancións desapareceron.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.** As grandes plantacións no sur dos Estados Unidos estaban baseadas nos modelos agrícolas do Oeste de África e, cunha diferenza fundamental, as escravas e escravos negros usaban as cancións de traballo nas plantacións exactamente como as usaran antes de ser apresados e vendidos aos homes brancos. A diferenza era esta: en África as cancións eran empregadas para sincronizar os movementos corporais e para dar voz poética ás cousas de interese, porque a xente quería facer o seu traballo así; nas plantacións engadiuse un compoñente de supervivencia. Se un home era apartado por traballar demasiado lentamente, normalmente sería brutalmente castigado. As cancións mantiñan a todo o mundo acompasado, de maneira que ninguén podía ser sinalado por traballar máis lentamente que o resto (texto do folclorista Bruce Jackson).

Máis información sobre o filme: <http://www.folkstreams.net/film-detail.php?id=122>

Y tenemos sabor

24 minutos / 1967 / Cuba

Dirección e guión: Sara Gómez

Fotografía: Mario García Joya

Argumento: *...y tenemos sabor* é un percorrido pola exótica gama de instrumentos de percusión (claves, maracas, bongós, güiros, etc) empregados na música cubana e sobre a orixe destes. A directora Sara Gómez era música de formación e a montaxe sincopada da peza captura a rítmica cruzada da música, servíndolle de contrapunto.

Detalle: Sara Gómez foi unha das figuras clave do cinema cubano.

Trailer en Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=cplrnv3fS6o>

The End of an Old Song

27 minutos / 1969 / EUA

Dirección: John Cohen

Producción: John Cohen

Cámara: John Cohen

Son: John Cohen

Montaxe: Helen Levitt e Tony Mandell

Argumento: Filmada nas montañas de Carolina do Norte, esta peza documental volve sobre a rexión onde o folclorista inglés Cecil Sharp recolleu as baladas británicas que se cantaban na zona a principios do século XX. Aínda que a tradición lírica cambiou, o estilo do canto continúa.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.** John Cohen tamén é músico e ten documentado a escena do Expresionismo Abstracto de Nova York, a aparición de Bob Dylan, os escritores da xeración *beat* ou os músicos dos apalaches.

Máis información sobre o filme: <http://www.folkstreams.net/film-detail.php?id=423>

Sesión 2: a modernidade, a industria e os cambios tecnolóxicos

The Wigan Casino

26 minutos / 1977 / Reino Unido

Dirección: Tony Palmer

Cámara: Mike Thomson

Música: Leon Rosselson, Dean Parrish, Tobi Legend, Jimmy Radcliffe, Elgar

Produtores: Alan Wright

Argumento: *The Wigan Casino* é o único documental que se conserva sobre o movemento do *northern soul*. Tony Palmer viaxa a Wigan, o berce dos fans desta fraternidade da danza para analizar o club e o seu entorno social. Capta tamén as cadeas de montaxe e a Revolución Industrial do momento. Bailes e fábricas. O que emerxe disto é a elucidación total dunha subcultura que pon énfase clase obreira e na irmandade.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.** Proxectouse no Festival In-Edit de Barcelona en 2015, onde se lle fixo unha homenaxe ao director Tony Palmer.

Trailer en Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=AybOOy8r0kk>

Heavy Metal Parking Lot

16 minutos / 1986 / EUA

Dirección: Jeff Krulik e John Heyn

Música: Judas Priest

Argumento: O 31 de maio de 1986 Jeff Krulik e John Heyn gravan o aparcamento do Capital Center en Landover (Maryland) xusto antes do concerto do grupo de *heavy metal* Judas Priest. Esta peza, que retrata aos fans da banda, converteríase no tempo en algo tan lendario como a propia xira.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.** *Heavy Metal Parking Lot* gravase nun momento no que existía en Estados Unidos unha campaña puritana e antidrogas moi forte na que se vía o *heavy metal* como unha música satánica e unha influencia terrible para os rapaces. Esta peza circulou moito en VHS ata ser aclamada por xente como Nirvana, Sofia Coppola ou Nicolas Cage. Foi homenaxeada dentro do festival South By Southwest e os etnomusicólogos da Universidade de Maryland incorporárona á súa base de datos como obxecto de estudo.

Enlace ao filme en Vimeo: <https://vimeo.com/152843738>

rexistro|7|telephones rouges nun cuarto [coa presenza do realizador]

9 minutos / 2018 / Galicia

Dirección: Rubén Domínguez

Produtora: PRENOM

Argumento: O grupo Telephones Rouges (en activo ata o ano 2013) fan a súa primeira aparición en directo un 13 de abril de 2007 nun dormitorio dun piso da Rúa Bizkaia da Coruña. O evento leva por nome “Stroszek Ballroom I” e os veciños deciden non protestar. Laura, Ezequiel, Doa, Tamara e Ángel rexistran o concerto e a acción. 11 anos despois os ritmos, o ruído e as ansias recompóñense dentro do arquivo de PRENOM.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.** Rubén Domínguez é membro de grupos como Chicharrón

e Pantis, o seu proxecto musical en solitario. Forma parte xunto a Mar Catarina da produtora discográfica e laboratorio de deseño Prenom, onde levan a cabo diferentes proxectos artísticos e onde ten realizado máis dunha vintena de videoclips vinculados á escena musical galega. En 2018 o Festival de Cans fixo unha retrospectiva dos seus traballos, ese mesmo ano, abriron o seu arquivo dixital en Youtube: PRENOM Arquivo. Enlace ao filme en Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=6YsE-LLut1E>

I Sing the Desert Electric: Music Performance in the Western Sahel

19 minutos / 2012 / Mauritania-Mali-Níxer-Nixeria

Dirección: Christopher Kirkley

Produción: Sahel Sounds

Argumento: Esta peza está formada por unha colección de vídeos curtos gravados en catro lugares e que representan catro escenas de música diferentes e rexionais. Desde as guitarras eléctricas difusas de Mauritania ata as ruidosas festas electro de Bamako (Mali). *I Sing the Desert Electric* ofrece unha mostra da escena contemporánea do Sahel Occidental, que tamén se pode apreciar e escoitar a través de Sahel Sounds, selo discográfico que produce a peza.

Detalle: **ESTREA EN ESPAÑA.** Un dos protagonistas desta peza é Mdou Moctar, figura do rock tuareg que despois protagonizaría *Akounak Tedalat Taha Tazoughai*, un remake libre de *Purple Rain* que supuxo a primeira película de ficción en lingua tuareg.

Enlace ao filme en Vimeo: <https://vimeo.com/59928105>

petites planètes_ volume 5_Peret

20 minutos / 2010 / España

Dirección e produción: Vincent Moon

Cámara: Vincent Moon

Son: Joana Colomar

Argumento: Vincent Moon visita a Peret na súa casa e realiza un retrato no que a música do mito da rumba catalana se escoita nun contexto íntimo e familiar, con fillos e netos escoitando ou uníndose ás interpretacións.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA.** Vincent Moon converteuse nun referente audiovisual cos seus *Take away shows*, pezas musicais gravadas en exteriores, feitas en localizacións inesperadas e na que as bandas improvisaban as súas actuacións ao tempo que se improvisaba o seu rexistro en imaxe. Esta serie de pezas compartíanse na web *La blogothèque*, coa que revolucionou o vídeo musical. Nos catro anos que durou o proxecto, o realizador logrou facer máis de 200 clips con bandas como REM ou Arcade Fire. En 2011 cambiou de rumbo e comeza a publicar os seus rexistros baixo licencias libres co seu selo *Petites Planètes*, nun periplo que o levou a lugares como Etiopía, Indonesia ou Chechenia, afastándose das estrelas do pop e achegándose á dimensión ritual da música.

Enlace ao filme en Vimeo: <https://vimeo.com/25039078>

Sesión 3: as tensións entre a tradición e a actualidade

Alentejo Alentejo

100 minutos / 2014 / Portugal

Dirección: Sérgio Trefaut

Fotografía: João Ribeiro

Imaxe: João Ribeiro e Marta Pessoa

Edición: Pedro Marques

Son: Miguel Moraes Cabral, Olivier Blanc, Armanda Carvalho

Produtora: Faux - Edições e Audiovisuais

Argumento: Ao sur de Portugal, no Alentejo, grupos de afeccionados ao cante coral reúnen-se para cantar temas tradicionais e improvisar letras sobre a actualidade. Isto é o coñecido como cante. Unha forma de expresión única, que transmite o pasado de Portugal a través das voces apaixonadas dun presente cambiado. O cante nace nas tabernas e nos entornos rurais, onde os seus habitantes se reúnen para cantar en grupos corais as cancións que aprenderon e seguen a transmitirse de xeración en xeración. Este filme é unha viaxe cara o Portugal actual, descubriendo o cante e a vida daqueles que cantan e parecen expresar a profunda voz da terra.

Detalle: **ESTREA EN GALICIA**. Esta película gañou o premio á Mellor Película Portuguesa no Festival Indie Lisboa en 2014; no mesmo ano tamén foi galardoada como Mellor Documental no DocsBarcelona. Unha das cancións que se canta neste filme faise fronte á tumba de Michel Giacometti, o etnomusicólogo corso que realizou a serie *Um povo que canta* para a RTP, rexistrando as tradicións do cante en Portugal. De feito, Sérgio Trefaut escribiu antes de facer o filme o libro *Giacometti, o Alentejo e o Cante* (2012). No ano 2018 o director Sérgio Trefaut estrea *Raiva*, un filme de ficción ambientada de novo na zona do Alentejo e que tivo moi boa acollida entre o público e a crítica cinematográfica.

Enlace ao trailer en Youtube: <https://www.youtube.com/watch?v=r8ksK23HbB0>

GALICIA EN ESPIELLO

Colaboración co Festival Internacional de Cine Etnográfico de Sobrarbe

O clube dos sem teito

Galicia / 2008 / 65'

Dirección, produción e fotografía: Claudia Brenlla

Guión: Claudia Brenlla e María Jesús Rodríguez

Argumento: No barrio de elite da Pituba, cidade de Salvador da Baía, Brasil. No trazado do paseo marítimo da cidade, antes de chegar a famosa praia de Itapuá, chama a atención o edificio do Club Portugués, un complexo deportivo que conta cun edificio principal rodeado de piscinas, canchas de tenis, campo de fútbol e outras instalacións. O seu estado é moi triste: todo o que se pode ver reutilizouse á medida das necesidades dos seus actuais ocupantes: 85 familias pertencentes ao "movemento dos sem teito".


DETALLE: Este documental de Claudia Brenlla pasou por Espiello no ano 2010.

ACTIVIDADES PARALELAS

PROXECTA CONSTRÚE

A cuestión de xénero nos festivais de cinema

12h30 Café na Cantina do CGAC



proxecta
coordinadora galega
de festivais de cinema

Proxecta, a Coordinadora Galega de Festivais de Cinema organiza esta mesa de debate na que profesionais traballadoras en festivais e mostras de cinema e audiovisual de Galicia, tratarán de facer unha radiografía da situación das mulleres neste ámbito. Analizarán ademais as áreas de maior responsabilidade e liderado, o emprego feminino nestes eventos, así como propoñer prácticas e estratexias para abordar as cuestións de xénero no sector.

Con **Ana Domínguez** (S8 Mostra de Cinema Periférico), **Andrea Villa** (Curtocircuíto), **Keka Losada** (Festival de Cans), **Ana Dixital** (Carballo Interplay) e **Beli Martínez**. A conversa no café do CGAC estará conducida e coordinada por Sabela Mendoza e Ana Estévez Lavandeira.

Seminario permanente de Comunicación e Xénero “Muller nas Estremas”

Grupo de Estudos Audiovisuais

Facultade de Ciencias da Comunicación

A persistencia do discurso androcéntrico nos contidos, a liña editorial e as estruturas organizacionais dos medios de comunicación actuais reflicte e perpetua unha sociedade asimétrica e disfuncional que silencia e incapacita os posicionamentos diverxentes. Pór fin a esta dinámica invalidante pasa pola necesaria construción de audiencias e colectividades formadas no pensamento crítico, capaces de analizar, deconstruír e mesmo comezar a reverter as representacións e estruturas sexistas presentes nos medios. Baixo o título *Muller nas Estremas*, a segunda sesión de Co(M)XÉNERO explora as fronteiras físicas, imaxinarias e culturais vencelladas ao xénero e faino dende o cinema como medio para encaralas.

Desta volta, o seminario tece colaboración coa **Mostra Internacional de Cinema Etnográfico (MICE)** e serve de complemento teórico e formativo a unha Carta Branca que, baixo o mesmo título, *Muller nas Estremas*, programa unha serie de proxeccións sobre a figura da muller como viaxeira, como migrante, como exiliada, con filmes que exploran a(s) fronteira(s) como lindes á súa mobilidade física e simbólica. As sesións da Carta Branca, programada do 26 ao 28 de marzo, abeiran pezas de estilos e estratexias singulares e diversas, nas que se entrecruzan o experimental, o ensaístico e o observacional, a través das creacións de Ursula Biemann, Trinh T. Min-ha, Keina Espiñeira, Xisela Franco e Anxela Caramés.

PROGRAMA

Martes, 26 de marzo [16h30 – 19h30]

16h30 Recepción e presentación. Margarita Ledo Andión e Marta Pérez Pereiro (USC).

16h45 “Unha cámara só para ela: A construción de identidades a través do cinema”.

Ana Catarina Pereira (Universidade da Beira Interior, investigadora de LabCom.IFP e xornalista).

18h00 Pausa

18h15 “Soft monies / Hard realities: xénero, tecnoloxía e fronteira nos vídeo-ensaíos de Ursula Biemann”.

Elena Oroz (Universidade Carlos III de Madrid, Centro TAI da Universidade Rey Juan Carlos, crítica e programadora).

Inscripción de balde: <https://estudiosaudiovisuais.org/actividade/comxenero2/>

Máis información en: www.estudiosaudiovisuais.gal

info@estudiosaudiovisuais.gal

OLLARES INTENCIONADOS

Curso Tránsito á captura

Percorridos metodolóxicos e sensoriais entre etnografía e cine.

A partir da posta en práctica dunha serie de exercicios iniciáticos de observación e escoita baseados no método etnográfico, este obradoiro propónse explorar, cuestionar, descifrar e debuxar as relacións procesuais entre a investigación etnográfica e a creación cinematográfica. Un camiño entre a interpretación, a descrición e a representación no que se valora o papel dos sentidos para identificar o lugar central do "eu" no seu proceso de descubrimento e rexistro do "outro". Un achegamento ó descoñecido de forma auto-reflexiva, unha identificación do lugar que ocupa o corpo e os seus síntomas en transformación. Entre o pensamento e a suor.

Taller impartido por **Adriana Vila Guevara e Miguel Alonso Cambrón.**

DATAS: 29 e 30 de marzo de 2019

DURACIÓN: 8 horas

PAZAS LIMITADAS: 15 persoas

LUGAR: Museo do Pobo Galego

PERFIL

Inicialmente orientado para quen queira afondar nestas metodoloxías tendo ou non coñecementos previos: científicas sociais interesadas no medio audiovisual, cineastas que queiran saber máis sobre o método etnográfico e/ou persoas con intereses próximos á creación artística, audiovisual ou cinematográfica.

Non é necesario material especializado alén de lapis e papel ou análogos dixitais.

OBXECTIVOS

- Facer unha aproximación aos métodos etnográficos de observación e escoita vinculados á comprensión e posterior documentación de fenómenos sociais.
- Aportar diferentes ferramentas para reflexionar sobre a dualidade representación/descrición dos fenómenos sociais.
- Desenvolver aptitudes para valorar o papel dos sentidos, a experiencia, o proceso *per se* e a identificación do eu/outro relacionadas coa metodoloxía etnográfica e a creación cinematográfica.

PROGRAMA

Venres 29 de marzo [16h00 - 20h00]

- Soundwalk colectivo. O *sense of place*
- Os graos de representación no discurso: a construción social da realidade.
- Obxectos e suxeitos: sensibles, etnográficos e cinematográficos.
- Atención, experiencia, memoria e palabra.
- O traballo con bitácoras, notas e diarios de campo.

Sábado 30 de marzo [10h00 - 14h00]

- Documentar, documentos e documentais: O inventariado da realidade e a selección da relevancia.
- As estratexias de descrición e representación: cinematografía e etnografía.
- A mediación tecnolóxica.
- Pre-produción e reprodución de discursos e materiais.

PREZO, PRAZOS E MATRICULA

O alumnado estará limitado a 15 persoas. O prazo da matrícula estará **aberto ata o 22 de marzo**.

As persoas con interese en matricularse deberán escribir un correo electrónico a: **deac@museodopobo.gal**, sinalando no asunto “Taller 14ª MICE” e incluíndo no texto o nome completo e o DNI.

Prezo:

- Matrícula xeral: 30 euros
- Persoas desempregadas e estudantes: 15 euros
- Socios/as do Museo do Pobo Galego: 10 euros

O número de conta para facer o ingreso é: **2080 0300 83 3040078644 (ABANCA)** indicando no concepto “Pago materiais Xornada MICE Museo do Pobo”.

Todas as alumnas recibirán un diploma acreditativo de asistencia ao curso.



Adriana Vila Guevara

Cineasta e antropóloga dedicada á creación documental, ao estudo etnográfico reflexivo e a experimentación fílmica en distintos formatos. Doutora en antropoloxía pola Universidade de Barcelona con unha tese sobre autoría, construción biográfica, imaxinarios e representación na construción dun retrato fílmico. Profesora de cine documental e experimental na Escola Superior de Cine e Audiovisuais de Cataluña (ESCAC), e co-fundadora do laboratorio de cine analóxico e independente [Crater-Lab](http://www.craterlab.com), onde combina o seu traballo de curaduría, docencia e creación de cine experimental. Proxectou a súa obra en numerosos festivais e espazos de arte no mundo entre os que figuran FID Marseille, Museo de Arte Moderna da Bahía e o IFFR Rotterdam Film Festival, entre outros. +info: www.adriavilaguevara.com

Miguel Alonso Cambrón

Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural pola Universidade Autónoma de Barcelona. Cursou estudos de mestrado en Antropoloxía Social na Universidade de Barcelona, en Migracións e procesos transnacionais na Universidade da Coruña (UDC) e en Antropoloxía Urbana na Universidade Rovira i Virgili de Tarragona (URV). Ademais, participou e participa en numerosos proxectos de carácter investigador, documental e artístico levando a cabo labores de docencia; interpretación gráfica e sonora; e rexistro, composición e edición de son. Tamén é membro de AGANTRO (Asociación Galega de Antropoloxía Social e Cultural) e do gabinete de antropoloxía AB ORIGINE.

Facemos cinema sen cámara

Obradoiro creativo de cinema para familias

Proxecto Educativo Espacio Rojo



HORARIOS: Sábado 30 e domingo 31 de marzo ás 11h00 no Museo do Pobo Galego.

PÚBLICO: nenas e nenos de entre 6 e 12 anos e familias.

Non se precisa coñecementos cinematográficos. O obradoiro non ten vocación teórica senón unha firme vontade para explorar outro xeito de facer cine e divertirse ao mesmo tempo.

PRAZAS: 25 – 30.

PREZO: 4€ materiais por participante [redución por máis dunha crianza da mesma familia a 3€ por persoa]. **Persoas desempregadas e socias/os do Museo:** de balde.

INSCRIPCIÓN PREVIA (por orde de chegada): servizosdeac@museodopobo.gal

DESCRIPCIÓN DO OBRADOIRO

Sabiades que podemos facer cine sen cámara? Neste obradoiro aprenderemos como se poden facer películas usando diferentes técnicas e o celuloide (o soporte cinematográfico) como medio de expresión. Logo dunhas noções básicas sobre o tempo, o espazo e o movemento fílmico, poñerase en práctica aspectos da actividade plástica e fílmica a través dun traballo creativo e experimental onde as nenas e os nenos poderán crear as súas propias películas, intervindo o celuloide, para finalmente, poder visionalas en movemento todos xuntos diante dun proxector.

OBXECTIVOS:

- Aprender, desenvolver e producir sinxelas ferramentas de expresión fílmicas.
- Iniciar o alumno na percepción e rexistro dos principios da imaxe fílmica: tempo, espazo e movemento.
- Utilizar creativamente o uso do celuloide como soporte e ferramenta de expresión.

CONTIDOS:

- Artefactos ópticos: xoguetes, bicis, etc.
- Principios básicos do fotograma, do tempo e espazo fílmico.
- Ferramentas básicas para a realización de películas sen cámara.
- Introducción ás distintas técnicas: rotuladores, pintura acrílica, pegamento, acuarelas, tinta, sal, etc.
- Traballo sobre emulsións positivas e negativas.
- Visionado dos traballos nun proxector de cine de 16 mm.
- Traballos individuais e en grupo.

Proxecto Educativo **Espacio Rojo**

É unha asociación sen ánimo de lucro que busca promover, divulgar e fomentar a cultura e a arte na sociedade. Con este taller gañou o premio Crearte 2011 outorgado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte na modalidade de Métodos de ensino, proxectos, traballos ou actividades realizadas en centros financiados con fondos públicos de Educación.

Alberto Vázquez

É licenciado en Belas Artes e con estudos de Artes e Deseño polo The Surrey Institute of Art & Design do Reino Unido, onde viviu durante sete anos. Profesionalmente, traballou para Televisión Española, Antena 3 e Telecinco como montador. Como docente impartiu obradoiros artísticos de cine en diferentes museos e centros de arte de España. É socio fundador do Proxecto Educativo Asociación **Espacio Rojo** dende o 2003 onde xestiona proxectos e programas no ámbito da cultura, da educación e da acción social.

Carina Moreira

Artista e educadora. É licenciada en Belas Artes pola Escola Nacional de Belas Artes de Bos Aires (Arxentina). Realiza cursos de doutoramento en didáctica así como en pedagogía Waldorf. Interesada na arte e nos procesos creativos como vehículo para o crecemento persoal continúa a súa formación en terapia Gestalt e coordinou durante máis de 10 anos obradoiros para nenos e adultos.

+ INFO: <http://espaciorojo.com/>

+ VIMEO: <https://vimeo.com/264598791>

CONVERSA -VERMÚ

De Lomax a Youtube

Prácticas musicais comunitarias e arquivos dixitais abertos

Centro Socio Cultural Aurelio Aguirre de Conxo

A música en relación ao método etnográfico é unha das temáticas que atravesan a programación nesta 14ª edición da MICE. Un tema amplo e de moita riqueza no que queremos afondar máis, convidando a unha serie de persoas que traballaron ou traballan na actualidade con arquivos sonoros e audiovisuais. Na conversa participarán as persoas responsables de proxectos como o **Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI)**, **A música portuguesa a gostar dela própria**, da editora galega **PRENOM** e do **Departamento de Documentación da CRTVG**, que ademais de presentarnos e proxectarnos algunhas das pezas que custodian e divulgan, falarán da preservación, accesibilidade e uso dos contidos dixitais dos arquivos sonoros e audiovisuais propios e doutros como son Europeana Sounds, Folkstreams ou o arquivo en rede de Vincent Moon.

No coloquio participarán **Tiago Pereira** (A Música portuguesa a gostar dela própria), **Concha Losada** (APOI), **Mar Catarina Serantes** (Prenom) e **María Jesús López Elvira** (Departamento de Documentación da CRTVG). A mesa estará moderada por **Cibrán Tenreiro** (programador da sección Trazas e membro do Cineclube de Compostela).



Tiago Pereira

Realizador e mentor do proxecto [A música portuguesa a gostar dela própria](#). Os seus filmes remiten a outras manifestacións da cultura inmaterial como a música, rituais e performances, que exploran o concepto da tradición e da memoria colectiva. Entre os seus filmes destacan “11 Burros Caem no Estômago Vazio” (2006) e “Quem Canta Seus Males Espanta” (1998). Tamén é locutor no programa de radio de Antena 1 “O Povo Que Ainda canta”, título que lle da nome á serie que realiza para a RTP2.

Concha Losada

Profesora na Área de Psicobioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Vicepresidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego e coordinadora do [APOI](#) (o Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade), un repositorio dixital sonoro que garda rexistros de música tradicional e outras pezas de interese antropolóxico. Entre os fondos do APOI destacan os depositados pola musicóloga suíza Dorothe Schubarth recollidos en Galicia entre 1978 e 1983.

Mar Catarina Serantes

É artista visual, fotógrafa, realizadora e música. Creou en 2011 xunto a Rubén Domínguez o selo discográfico e laboratorio [PRENOM](#). Ten realizado videoclips para Ataque Escampe, Chicharrón ou Atrás Tigre e fixo o deseño e a arte para o LP “Xardín Interior” de Esposa, banda da que forma parte. O ano pasado puxeron en marcha o [arquivo PRENOM](#), un proxecto contedor colaborativo no que ir depositando rexistros da escena musical galega e da vida en xeral. Na actualidade, combina a súa paixón pola fotografía e o cine coa docencia.

María Jesús López Elvira

Responsable do Departamento de Documentación da Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG) e impulsora do arquivo histórico online pasouoquepasou.crtvg.es (desenvolvida en conxunto co departamento de internet da canle pública) creado en 2013. Este servizo permitía e permite visualizar parte dos fondos que atesoura a TVG dende o ano 1985 [para máis información sobre o arquivo da CRTVG [pincha aquí](#)].



Cibrán Tenreiro [imaxe de Aigi Boga Photography]

Doutor en Comunicación e Información Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela, cunha tese sobre os modos de representación visual da música en directo. É membro do Cineclub de Compostela. Como xornalista colabora ou colaborou con medios musicais, cinematográficos e culturais como o *Diario Cultural* e *Onda Vital* da Radio Galega, *A Cuarta Pared*, *Luzes* ou *VINTE*, ademais de manter o seu blog *Bolsa de Patacas*. Como músico forma parte de bandas como *Esposa* e *Zara*. Tamén participou de iniciativas culturais como o extinto colectivo *PORNO* ou do *Galician Bizarre 3*.



ORGANIZACIÓN

Museo do Pobo Galego

Presidencia do Padroado: Justo G. Beramendi

EQUIPO

14ª MICE, MOSTRA INTERNACIONAL DE CINE ETNOGRÁFICO

Dirección: Ana Estévez Lavandeira

Coordinación e contidos por seccións: Marta Pérez Pereiro e Margarita Ledo; Cibrán Tenreiro (Cineclub de Compostela) e Ana Estévez

Coordinación técnica: Julio Vilariño Cabezas

Coordinación didáctica: Carme Campo

Comunicación: María Vilamarín

Producción: Carme Campo

Fotografía: Denís Estévez

Imaxe gráfica: Edita R. Oca e María Esteirán

Deseño: Edita R. Oca e Sacauntos Cooperativa Gráfica

Pezas promocionais da MICE: Xisela Franco e Carlos Suárez

Preselección concurso: Francisco Araujo Ferreira, Beatriz Busto Miramontes, Carme Campo, Beatriz Corbacho, Iván Cuevas, Esther Hervés, Elsa Pereira, Sabela Pernas Soto, Manuel Rial Santos, Xosé Antom Serém, Julio Vilariño Cabezas.

14ª Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego

Comunicación | María Villamarín | Tlf. 666 058 867

comunicacion@museodopobo.gal

facebook.com/museodopobo

twitter.com/museodopobo

instagram.com/museodopobo

museodopobo.gal